

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2025 pola que se contrata persoal laboral fixo na categoría profesional de técnico/a especialista de fotocomposición en virtude de probas selectivas convocadas pola Resolución do 29 de febreiro de 2024.

De conformidade coa proposta elevada polo tribunal cualificador das probas selectivas convocadas pola Resolución do 29 de febreiro de 2024 (*Diario Oficial de Galicia* do 12 de marzo) para cubrir con persoal laboral fixo unha praza vacante na categoría profesional de técnico/a especialista de fotocomposición, grupo III, pola quenda de acceso libre, unha vez comprobado que a persoa seleccionada reúne os requisitos exixidos na base 2 da convocatoria e de conformidade co disposto no artigo 85.j) dos estatutos da USC,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a proposta feita polo tribunal cualificador e contratar como persoal laboral fixo na categoría profesional de técnica especialista de fotocomposición a persoa que superou o proceso selectivo e que se indica no anexo desta resolución.

Segundo. A persoa seleccionada formalizará o seu contrato ante o Servizo de Xestión de Persoal, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.

No caso de que a persoa aspirante se atope en situación de incapacidade temporal, o prazo para a sinatura do contrato comezará a partir do día hábil seguinte ao da data da alta médica, que deberá acreditar. Quedan exceptuadas do disposto neste parágrafo as situacións derivadas da maternidade ou paternidade, nas cales se poderá asinar o contrato durante esta situación.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



Non obstante, as persoas interesadas poderán interpor un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado mentres non se dite a resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2025

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

ANEXO

Número de orde	DNI	Apelidos e nome
1	***1064**	Sanmartín Almeida, Tania

